



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-

ACTA Nº 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE SEIS (6) SOCORRISTAS PARA A UNIDADE DE SOCORRISMO ACUÁTICO, QUE PRESTARÁ O SERVIZO DE SOCORRISMO EN PRAIAS, A REALIZAR NA PRAIA AREA MAIOR E CANIDO DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

En Malpica de Bergantiños, a 02/06/2026, sendo as 9:30 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello, reúnese o Tribunal Cualificador das probas de selección de seis (6) socorristas para a unidade de socorrismo acuático, que prestará o servizo de socorrismo en praias, a realizar na praia Area maior e Canido do Concello, tribunal designado pola Resolución da Alcaldía 323/2026, do 01/06/2026, e do que se encontran presente os seguintes membros:

Presidenta: D^a María del Carmen Sanmillán Villar

Vogais: D. Pablo Lista Suárez
D. José Ramón Andrade Amigo
D. Juan Ramón Vila Vila

Secretario: D. Juan Carlos Penedo Loureiro

Dada a presenza da presidenta como do secretario, así como dos tres vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida actuación do Tribunal Cualificador, polo que se procede:

Primeiro, a examinar a lista definitiva dos aspirantes admitidos, a fin de verificar a existencia ou ausencia de causas de abstención e recusación do art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e de non ter realizado tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas nos últimos cinco anos e de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 29 de outubro polo que se aproba a Lei do estatuto Básico do Empregado Público que esixe que a pertenza aos tribunais de selección o sexa a título individual e non se actúa en representación e por conta de ninguén. Non concorrendo ningunha delas en ningún dos membros do tribunal, segundo manifestación de cada un deles.

Acto seguido, a presidenta do Tribunal recorda a todos os membros o deber de sxiilo profesional e confidencialidade dos asuntos e dos datos que se tratan como consecuencia da súa participación como membros do mesmo e da obriga de gardar un absoluto sxiilo profesional en todas as materias que non sexan de publicación oficial e aquelas que aínda séndoo, non fosen publicadas aínda, co obxectivo de evitar calquera filtración.

A continuación procédese ao exame dos méritos alegados polos aspirantes.

Así, pois, de acordo coas bases da convocatoria a valoración dos méritos é a que figura a continuación (acordada por unanimidade dos membros do Tribunal):



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL Max. 3 ptos. (0,20 Puntos /mes)	OUTROS MÉRITOS Max 1 pto. (TÍTULO P.E.R)	TOTAL
BARROS DEAN, JHOSBEL	1 mes = 0,20	0	0,20
VILA ORDOÑEZ, AARON	0 meses = 0	0	0
PADIN REGUEIRA, CARLA	0 meses = 0	0	0
FERNÁNDEZ RAIMUNDEZ , HUGO	8 meses = 1,60	0	1,60
LEMA ANDRADE, PABLO	3 meses = 0,60	0	0,60
SOUTO ABELLA, SIXIA LINO	8 meses = 1,60	0	1,60
ZAS NOVO MARTIN	9 meses = 1,80	0	1,80

Unha vez realizada a valoración de méritos o tribunal adopta, por unanimidade dos membros presentes, o seguinte acordo:

Único.- Que a valoración se faga pública, mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica, antes do inicio da fase de oposición.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente se redacta a presente acta, dándose lectura á mesma ante os membros do Tribunal Cualificador, sen que se realice ningunha observación polo que se autoriza coa sinatura do secretario do Tribunal e o visto e prace da Presidencia, dando esta última por finalizada a sesión sendo as 10:32 horas.

Vº e Prace
A Presidenta

O Secretario,

María del Carmen Sanmillán Villar

Juan Carlos Penedo Loureiro